

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de decembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce horas dez

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de decembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de legalización de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 31 de xaneiro de 2024 (RE-E núm. 50), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	VANESA DOS ANJOS LÓPEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DA OBRA

OBXECTO	LEGALIZACIÓN DE OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 3 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 – EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6425632NH8262N0001TK
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Don Juan Manuel Martínez Mateos en data 14/11/24)
VALORACIÓN OBRAS EXECUTADAS	14.751,08 €
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 12/12/24)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	CASA DO MAIOR
DENOMINACIÓN COMERCIAL	OS CAMBOTES
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 14/05/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUTROS CON TRES CÉNTIMOS (295,03 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONTRATACIÓN LABORAL FIXA DE TRABALLADORES/AS QUE SUPERARON OS PROCESOS SELECTIVOS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do remate dos procesos selectivos correspondentes para a provisión de oito das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público excepcional da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29/12/21), aprobada por acordo deste órgano adoptado na

sesión de data 18 de maio de 2022.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polos respectivos Tribunais cualificadores e co previsto na Base 12.1 do proceso selectivo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e no exercicio da competencia delegada polo alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A contratación laboral fixa dos/as seguintes traballadores/as para as prazas que se especifican:

TRABALLADOR/A	DNI	PRAZA	GRUPO	XORNADA
Jorge Ojea Mato	████████	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL)	A1	Completa
Gerardo Abeledo Iglesias	████████	ARQUITECTO TÉCNICO	A2	Completa
Ana Belén Rodríguez Pérez	████████	EDUCADORA FAMILIAR	A2	Completa
Yolanda Aguiar Jorge	████████	TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE	B	Completa
Ezequiel Fernández Bardelás	████████	CONDUTOR RECOLLIDA LIXO	AP (DA 6ª EBEP)	Completa
Laura Ulloa Diéguez	████████	LIMPADORA	AP (DA 6ª EBEP)	Completa
Alfonso Doval Cidre	████████	TÉCNICO INFORMÁTICO	B	Parcial (25 horas/semana)
Ovidio Areán Diéguez	████████	MONITOR DEPORTIVO	B	Parcial (25 horas/semana)

Segundo.- Publicar o presenta acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro da sede electrónica municipal. Unha vez se produza dita publicación procederase á toma de posesión dos postos adxudicados e á sinatura dos contratos laborais correspondentes.

Terceiro.- Nos termos previstos na DA 4ª.2 da citada Lei 20/2021 e na Base décimo terceira do proceso selectivo, fórmanse as seguintes bolsas de contratación co persoal que tendo participado no concurso non obtivera praza, ordenados por orde de puntuación:

Praza de AEDL

1. María Elvira Álvarez Santiago
2. Nicole Pérez Lorenzo

Praza de arquitecto técnico

1. Alberto Vázquez Ferreiro

Praza de educador/a familiar

1. Ana Gay Novoa
2. Joaquín Bouza Leirachá

Praza de técnico/a de Medio Ambiente

1. Abel Rollano Vilaboa

Praza de condutor de recollida do lixo

1. Damián Márquez Barcala

Praza de limpador/a

1. Antonio Castro Pardal

Praza de monitor deportivo

1. Daniel Peral López

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL – ANUALIDADE DE 2024

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia, por resolución de data 09/11/23 e importe total de 58.935,49 €, para o investimento denominado “*Melloras do Punto Limpo de Rodeiro*”, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do

04/08/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida (ano 2024): 53.042,02 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
ANCARIA S.L.	██████	1474	06/05/2024	29/05/2024	16.831,71 €
REFORMAS LOURENCON 2020 S.L.	██████	36	09/08/2024	20/08/2024	53.119,00 €
REFORMAS LOURENCON 2020 S.L.	██████	41	19/09/2024	08/10/2024	5.311,89 €
BCR DEZA ENXENEIROS S.L.	██████	24176	13/12/2024	17/12/2024	988,21 €

- Cantidade xustificada: 76.250,81 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO", INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 5 correspondente á obra de "Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro", incluída no Programa PON2030, por importe de NOVENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (92.737,09 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 92.737,09 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 24/088 (FACe), de data 10/12/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona María Josefa Conde Poutón.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 17/12/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: María Josefa Conde Poutón

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Romaces, parroquia de Río

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,89 €/hora

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María de los Ángeles Pampín Expósito, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante nos meses de decembro do corrente e xaneiro de 2025. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA MARGARITA HERNANDO GOLMAR, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 20 de decembro do corrente e 10 de xaneiro de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora María de los Ángeles Pampín Expósito.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2024

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 aprobouse de xeito definitivo a ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, de conformidade co acordado no seu día polo Pleno do Concello. A devandita ordenanza entrou en vigor o día 1 de setembro de 2005.

O artigo 3.3 da ordenanza dispón literalmente: *“A Xunta de Goberno Local aprobará anualmente as bases específicas de cada unha das convocatorias a realizar, nas que se incluírán os criterios específicos para o reparto das mesmas, así como as condicións específicas a cumprir para optar por cada categoría”*. Polo tanto cómpre aprobar as bases específicas para actividades deportivas e efectuar a súa convocatoria para o presente ano 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a concesión de subvencións para actividades deportivas, correspondentes ao ano 2024.

Segundo.- Aprobar as bases específicas da convocatoria que se conteñen no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Destinar a cantidade de VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 €), con cargo a partida orzamentaria 340/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado para o exercicio de 2024.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2024

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades deportivas, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades deportivas durante o ano 2024, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 340/480, co límite de 24.000,00 €. Entenderase como actividade deportiva as realizadas ou promovidas por agrupacións, asociacións ou clubs de carácter deportivo, legalmente constituídos.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades obxecto da subvención no Concello de Rodeiro entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2024.

3.- Solicitude e documentación: O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Categoría da asociación ou club.
- Número de licenzas federativas.
- Número de equipos en categorías.
- Orzamento anual do club.
- Disposición de adestrador federado.
- Orzamento total das actividades.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional: No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2024

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 aprobouse de xeito definitivo a ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, de conformidade co acordado no seu día polo Pleno do Concello. A devandita ordenanza entrou en vigor o día 1 de setembro de 2005.

O artigo 3.3 da ordenanza dispón literalmente: *“A Xunta de Goberno Local aprobará anualmente as bases específicas de cada unha das convocatorias a realizar, nas que se incluírán os criterios específicos para o reparto das mesmas, así como as condicións específicas a cumprir para optar por cada categoría”*. Polo tanto cómpre aprobar as bases específicas para actividades culturais e efectuar a súa convocatoria para o presente ano 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Efectuar convocatoria pública para a concesión de subvencións para actividades culturais, correspondentes ao ano 2024.

Segundo.- Aprobar as bases específicas da convocatoria que se conteñen no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Destinar a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €), con cargo a partida orzamentaria 330/480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado para o exercicio de 2024.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2024

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto: O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades culturais durante o ano 2024, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 330/480, co límite de 20.000,00 €. Entenderase como actividade cultural aos efectos das presentes bases as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

2.- Beneficiarios: Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro e con domicilio en Rodeiro que desenvolvan as actividades obxecto da subvención entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2024.

3.- Solicitud e documentación: O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- Valoración das solicitudes: Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Programación estable ao longo do ano.
- Difusión da actividade.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
- Orzamento total da actividade.
- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais, artísticos, tradicionais, gastronómicos, etc. do Concello.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional: No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO

VISTO o escrito presentado por Don José Rodríguez Pardo, con DNI núm. [REDACTED] veciño do lugar de Barrio, parroquia de San Martiño de Asperelo (RE núm. 2064, do 13/12/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Martiño de Asperelo celebradas os pasados días 9, 10 e 11 de novembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

11.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE GUILLAR

VISTO o escrito presentado por Don José Julio Hermida Diéguez, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA XUVENTUDE DE GUILLAR, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Adelán, parroquia de Guillar (RE núm. 2066, do 13/12/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Guillar celebradas os pasados días 1 e 2 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

12.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CARBOENTES

VISTO o escrito presentado por Dona Iria Jorge Carral, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar da Torre de Carboentes, parroquia de Carboentes (RE núm. 2073, do 16/12/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santo Estevo de Carboentes celebradas o pasado día 26 de outubro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

13.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN CRISTOVO DO AZ

VISTO o escrito presentado por Don Óscar Lorenzo Varela, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE AZ, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Vilameá, parroquia de San Cristovo do Az (RE núm. 2071, do 16/12/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Cristovo do Az celebradas o pasado día 5 de outubro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

14.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- JOYERÍA RELOJERÍA DIAMANTE S.L. 254,09 €

Por adquisición de agasallos para os/as homenaxeados/as na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 1.

- BAR CHANTADA VIADILLA S.L. 8.252,20 €
Por servizo de cátering e xantar da Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 24/22 (FACe).
- SERVICIOS SANITARIOS DEL CANTÁBRICO S.L. 520,00 €
Por servizo de ambulancia para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. V24.37 (FACe).
- ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN S.L. 169,40 €
Por confección de entradas numeradas para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. FE 20240721.
- ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE AGOLADA 2.110,00 €
Por actuación musical na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 20/2024.
- RODOIL S.L. 144,20 € E 101,13 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de outubro de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000412 e 2024/24/000413 (FACe).
- RODOIL S.L. 276,60 €, 149,78 €, 120,96 €, 294,99 €, 239,34 €, 705,93 € E 198,81 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de outubro de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000414, 2024/24/000416, 2024/24/000417, 2024/24/000418, 2024/24/000419, 2024/24/000420 e 2024/24/000421 (FACe).
- RODOIL S.L. 25,00 €
Por subministro de combustible á máquina varredora no mes de outubro de 2024, s/factura núm. 2024/24/000415 (FACe).
- NOROINSTAL S.L. 3.079,45 €
Por colocación de alumeado ornamental para as festas de Nadal 2023 e do San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. 25/24.

- ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ 2.117,50 €
Por servizo de chocolate con churros para os participantes na cabalgata de Reis 2024, s/factura núm. 35.
- PENELA S.C. 250,00 €
Por subministro de materiais para decoración de carroza na cabalgata de Reis 2024, s/factura núm. 6.
- JIAN CARLOS BLANCO GONZÁLEZ 611,05 €
Por subministro de trofeos para a homenaxe a “Paco Proas”, s/factura núm. A/241.
- MARCAXE DEZA S.L. 12,10 €
Por confección de diplomas para os premiados no concurso Rodeiro de tapas 2024, s/factura núm. 24605 (FACe).
- EVENTILANDIA S.L. 1.573,00 €
Por organización de xornada de animación con inchables na piscina municipal, s/factura núm. FRA20/853 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 399,30 €
Por publicidade institucional do Concello no diario por mor da iniciativa “Feira da vaca rubia galega do país”, s/factura núm. P24/009212 (FACe).
- MÁIS ESCOLA S.L. 1.634,71 €
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal no mes de setembro de 2024, s/factura núm. FAC/809 (FACe).
- BCR DEZA ENXENEIROS S.L. 988,21 €
Honorarios por dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de “Actuacións de mellora no Punto Limpo de Rodeiro, s/factura núm. 24176 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)